

A muller no mercado laboral en Galiza (2010)



Gabinete técnico confederal

XA ABONDA DE RECORTES. RETROCEDER EN DEREITOS NON NOS FAI AVANZAR.

A “gran recesión” como se coñece a crise que está atravesando a economía en xeral, e a galega en particular, nun primeiro momento non afectou especialmente ás mulleres. É máis, saíron mellor paradas do que en principio se podía esperar, pero xa neste ano que acaba de rematar a crise se manifestou con toda a súa intensidade entre elas.

As principais variábeis do mercado de traballo (ocupación, paro, contratos, etc.) xa amosan, como veremos máis adiante, a magnitude da crise económica entre as mulleres. Porén, os “efectos colaterais”, a longo prazo, os máis preocupantes, polo que teñen de irreversíbeis.

E son precisamente estes efectos colaterais (recorte de dereitos e prestacións) o que máis nos preocupa e por iso é polo que destinamos este próximo 8 de Marzo, día internacional da muller traballadora, a denunciálos e intentar frealos.

A Xunta de Galiza, nos orzamentos para o ano 2010, xa amosaba o camiño que se nos abría. Coa desculpa da crise, a caída da recadación traducíuse nun forte recorte dos programas de igualdade; este foi o vieiro polo que continuou nos seguintes orzamentos, os do ano 2011. Así, atopámonos con programas importantes que sen dúbida contribuíran a acadar taxas de ocupación históricas para a mulleres en Galiza, que practicamente desaparecen: estamos a falar do programa destinado ás Accións para a igualdade, protección e promoción das mulleres, que se reduce nun 377% nos dous últimos anos; do programa de apoio a conciliación da vida laboral e familiar; que se reduce nun 455%..., sen esquecer a supresión do Servizo galego de Igualdade.

Pero a Xunta de Galiza non quedou soa nesta tarefa. O Goberno central, nun principio de distinta cor ideolóxica, tornouse nun fiel compañeiro neste andaina, ao converter os recortes en dereitos e prestacións na única arma fronte á situación que estamos atravesando.

Estes recortes, que sen dúbida non van ter incidencia ningunha na recuperación económica, porén van prexudicar gravemente a poboación en xeral e as mulleres en particular.

Aproveitouse unha etapa de recesión económica para implantar cambios estruturais, que reclamaban os poderes económicos máis liberais en nome dos “mercados”. e nin a regulación laboral nin o sistema de pensións vixente ata o de agora tiveron incidencia ningunha na situación que estamos atravesando. Nin a reforma laboral nin a das pensións van tela para saír dela, co agravante de que, que tras esta máscara, se agochou a verdadeira faciana da situación, polo que a recuperación vai ser moito máis lenta.

Atrasar a idade de xubilación e alongar o período de cálculo para as pensións que se aprobou na última reforma é algo desastroso, especialmente para as persoas que teñen importantes anos de cotización como as mulleres. Xubilarse aos 65 anos supón, a partir de agora, ter 38,5 anos cotizados. Neste momento, estes valores acádanos o 71% dos homes e o 23% das mulleres que se xubilan. É difícil que estas porcentaxes se manteñan nun futuro cando a inestabilidade no emprego é unha das características máis salientábeis do actual mercado laboral, polo que con toda probabilidade van diminuír.

Inestabilidade no emprego (maior no caso das mulleres), incorporación escasa e tardía ao mercado de traballo xunto ás elevadas taxas de paro, definen a realidade dunha parte importante das mulleres galegas e pola tanto convértenas en fieis candidatas a cobraren unha pensión mínima cando, aos 67 anos, chega a idade de xubilación.

A pesar de que na última década o índice de feminidade do emprego aumentou considerablemente, preto de 20 puntos (pasamos no ano 2000 de que por cada 100 homes houbera 65 mulleres ocupadas a que no ano 2010 houbera 83 mulleres por cada 100 homes), aínda estamos falando dunha taxa de actividade feminina do 48%; é dicir, apenas 48 mulleres de cada 100 maiores de 16 anos están en activo: ocupadas ou paradas. A taxa de actividade dos homes é do 62%.

Se a esta baixa taxa de actividade lle engadimos unha taxa de paro do 16%, a porcentaxe de mulleres traballando, e polo tanto cotizando, baixa. Ademais, moitas destas mulleres que están traballando teñen un contrato temporal, concretamente o 28,2% das asalariadas no ano 2010 (no ano 2006 era o 38%), o que implica na maioría dos casos non traballar todo o ano, cos anos de cotización que isto xera.

A reforma das pensións a quen máis prexudica é ás persoas que teñen carreiras curtas de cotización, e polo tanto, ás mulleres.

Non existe, como contrapartida, ningunha medida para incentivar o aumento das taxas de actividade e a estabilidade no emprego que puidese mitigar, dalgunha maneira, os efectos da reforma. Máis ben ao contrario, xa que o único que poderíamos considerar como tal é a incentivación da xornada a tempo parcial, que en moitos casos é economía somerxida, onde se declara unha xornada parcial e se fai ben completa. Este tipo de xornadas, como veremos máis adiante, son subscritas maioritariamente por mulleres, pero non son precisamente as máis adecuadas para unha carreira de cotización elevada.

Ademais, tendo en conta que as menores taxas de actividade se dan entre as mulleres casadas, cumpriría reforzar os servizos sociais, para incorporar estas mulleres ao mercado de traballo, o que sería beneficioso para elas, para o sistema de pensións e para a sociedade en xeral.

Aínda nas condicións actuais de acceso, a realidade das nosas pensionistas non é moi favorábel.

Pensionistas por tipo, sexo e pensión media. Ano 2008. Galiza.

	Número			Importe medio (euros)		
	Ambos os sexos	Homes	Mulleres	Ambos os sexos	Homes	Mulleres
Total	713.366	324.013	389.335	605,72	750,71	485,06
Incapacidade permanente	68.104	45.850	22.252	690,57	747,64	572,98
Xubilación	439.179	247.356	191.810	673,96	803,02	507,55
Viuvez	180.783	18.730	162.050	445,72	341,69	457,74
Orfandade	19.933	10.444	9.489	319,3	317,21	321,6
Favor familiares	5.367	1.633	3.734	397,63	376,88	406,71

Fonte: IGE.

Temos un elevado número de mulleres pensionistas en Galiza, maior que de homes, o 41% con pensión de viuvez. Apenas o 54% teñen unha pensión derivada das súas cotizacións sumando incapacidade máis xubilación.

A pensión media das mulleres non chegaba aos 500 euros no ano 2008, o 65% da media dos homes, en parte derivado do elevado peso das de viuvez (que son unha porcentaxe da base de cotización do home), pero incluso a media de xubilación apenas supera os 507 euros mensuais.

Nestas baixas pensións inflúen moitos factores, pero os anos cotizados e as bases de cotización son os máis determinantes. Ao ser Galiza un país cun forte peso do sector primario ata hai poucos anos, a maioría das nosas pensionistas estiveron dadas de alta neste réxime (agora os agrarios por conta propia están en autónomos) e, polo tanto, son agora xubilados no réxime de autónomos.

Número de pensionistas segundo réxime e sexo. Ano 2008.

	Homes	Mulleres	Ambos os sexos
Total	324.013	389.335	713.366
Xeral	170.001	133.193	303.204
Autónomos	99.607	194.306	293.919
Agrario conta allea	2.821	3.322	6.143
Agrario conta propia	-	-	-
Mar	31.935	19.822	51.758
Minería carbón	1.001	610	1.611
Fogar	1.082	15.369	16.451
Accidentes de traballo	10.091	7.790	17.882
Enfermidades profesionais	1.431	1.182	2.613
SOVI	6.044	13.741	19.785

Fonte: IGE.

Na maioría dos casos cotizaban os anos mínimos necesarios para ter dereito a unha pensión, e polo tanto o que están cobrando é a pensión mínima.

Na medida en que o sector primario está desaparecendo en Galiza, esta realidade vai mudar pero sexa no réxime que sexa, se as carreiras laborais non son longas e as cotización elevadas, as pensionistas do futuro pódense ver nunha situación peor que as actuais.

A realidade das pensionistas futuras escríbese no día a día da súa situación laboral, e a actual das mulleres galegas non é do máis optimista. Imos analizar máis polo miúdo esta realidade.

Taxa de actividade segundo sexo e idade.

	2008			2009			2010		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Taxa de actividade									
Total	55,1	63,7	47,2	55,2	62,5	48,5	54,6	61,8	48
de 16 a 24 anos	45,5	52,3	38,4	44,8	50	39,4	40,7	44,8	36,4
de 25 a 54 anos	84	91,3	76,7	84	89,9	78,1	84	90	77,9
de 55 e máis anos	18,7	25,1	13,6	19,4	24,8	15,1	19,1	24,5	14,9

Fonte: EPA. IGE.

A media da taxa de actividade das mulleres galegas no ano 2010 foi do 48%, 13,8 puntos inferior á dos homes, e 5 décimas menos que no ano anterior; nin sequera o 50% das mulleres maiores de 16 anos están en activo.

As maiores taxas de actividade acádanse entre os 25 e os 54 anos, onde preto do 78% das mulleres están ocupadas ou buscando emprego. Aínda así, para o mesmo grupo de idade, o colectivo masculino acada unhas taxas do 90%.

Entre as máis novas a porcentaxe de activas é do 36,4%.

Antes do inicio do ciclo económico expansivo, no ano 1997, a taxa da actividade feminina non chegaba ao 40%, o que quere dicir que moitas destas mulleres levan poucos anos en activo. Áa vista destes datos cómpren medidas que incentiven unha maior presenza do muller fóra do fogar.

A estas baixas taxas de actividade únese unhas baixas taxas de ocupación. Non chega con estar disposta a traballar, é necesario atopar un traballo, tarefa moi complicada na maioría dos casos na actualidade. Os datos das taxas de ocupación permítennos facer esta aseveración.

De media soamente o 40% das mulleres en idade de traballar estaba nesta situación no ano 2010.

22.800 mulleres perderon o emprego durante 2010.

Taxa de ocupación segundo sexo.

	2008			2009			2010		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Taxa de ocupación									
Total	50,3	59	42,3	48,3	55,1	41,9	46,2	52,8	40,1
de 16 a 24 anos	35,8	42,2	29,2	31	34,3	27,5	26,3	29,4	23
de 25 a 54 anos	77,4	85,4	69,5	74,3	80,5	68	71,7	77,7	65,7
de 55 e máis anos	17,6	24	12,6	18	23,1	13,9	17,4	22,3	13,5

Fonte: EPA. IGE.

Esta baixa taxa media de ocupación é superior nos anos centrais da vida laboral, entre os 25 e os 54 anos, onde se acadan taxas do 65,7%. A partir de aquí, a redución é drástica, de apenas o 13%.

Entre os de menor idade, os maiores anos de permanencia no sistema educativo explican maioritariamente estas cifras. É neste grupo onde as diferenzas cos homes son menos acusadas, o que en parte se debe a que as mulleres dedican máis anos a formarse que os homes, polo que, co tempo, esta diferenza pode converterse en vantaxe, xa que o nivel de formación é determinante á hora de atopar un emprego.

No cadro seguinte expónse a relación entre nivel de formación e poboación ocupada segundo sexo.

Poboación ocupada segundo nivel de estudos.

	Total	Homes	Mulleres	Porcentaxe mulleres	Mulleres por cada 100 homes
Poboación ocupada					
Total	1.100,70	600,8	499,9	45,42	83,21
Analfabetos e estudos primarios	101,8	58,4	43,4	42,63	74,32
Educación secundaria. Primeira etapa	380	225,7	154,3	40,61	68,37
Educación secundaria. Segunda etapa	229,3	129	100,4	43,79	77,83
Educación superior	389,6	187,8	201,8	51,8	107,45

Fonte: EPA. IGE.

O único colectivo de mulleres que supera o de homes en porcentaxe de ocupación é o de educación superior, onde o 51,8% das persoas ocupadas galegas son mulleres. No resto, a presenza das mulleres é minoritaria. O

número de mulleres con formación superior non só é maior que o de homes, senón que é moi elevado: o 40% das mulleres ocupadas en Galiza ten este nivel de formación fronte ao 31% dos homes.

Este maior nivel de formación das mulleres en xeral, unido ao menor fracaso escolar actual destas, induce a pensar que a longo prazo as diferenzas laborais, tanto na presenza no mercado de traballo como nas condicións laborais, entre homes e mulleres vai tender a recortarse, sempre que o nivel de formación sexa o adecuado ás necesidades da economía.

A seguir, ímonos centrar na situación actual das mulleres activas no noso país, tanto paradas como ocupadas, e intentar analizar os efectos da crise sobre estas.

Durante 2010, perderon o emprego 22.800 mulleres en Galiza.

Poboación ocupada segundo sector económico e sexo.

	Mulleres			Variación			
	2008	2009	2010	2010/09		2010/08	
Total				absoluta	relativa	absoluta	relativa
Total	527,4	522,7	499,9	-22,8	-4,4	-27,5	-5,2
Agricultura e pesca	37,2	37,4	35,8	-1,6	-4,3	-1,4	-3,8
Industria	62,5	52,8	46,6	-6,2	-11,7	-15,9	-25,4
Construción	10,5	8,8	8,2	-0,6	-6,8	-2,3	-21,9
Servizos	417,2	423,6	409,2	-14,4	-3,4	-8	-1,9

Fonte: EPA. IGE.

Desde o ano 2008, que se manifestou a crise en Galiza, 27.500 mulleres perderon o seu posto de traballo na noso país, a maioría no último ano, concretamente 22.800. Ao longo de 2009, a perda de emprego apenas afectara as mulleres, xa que nun primeiro momento se centrou en actividades moi masculinizadas: extracción de minerais, industrias auxiliares do automóbil, etc., pero xa a medida que transcorre 2010 todas as actividades económicas en maior ou menor medida se ven afectadas e xa o emprego feminino se reduce fortemente.

Aínda así, desde o ano 2008, soamente o 27% dos postos de traballo que se perderon foron entre mulleres, pero mentres en 2010 o emprego entre os homes se reduciu menos que no ano anterior, entre as mulleres a redución foi maior. Tampouco debemos esquecer o forte peso que ten o sector servizos na ocupación feminina (a maioría das mulleres están ocupadas nalgunha actividade relacionada co sector servizos, concretamente o 82%), e este sector, probabelmente polo efecto Xacobeo, no ano 2010 foi o que mellor se comportou, polo que o futuro pode ser máis negativo que nos anos anteriores. Desde o inicio da crise, só 8.000 mulleres perderon o emprego neste sector. Porén, e a pesar do dito anteriormente, no sector industrial, a caída do emprego feminino foi de 15.000 mulleres.

A elevada presenza de mulleres no téxtil e na industria de alimentación tivo moita importancia na caída da ocupación industrial feminina, xa que estas dúas actividades si se viron afectadas.

No que se refire á construción en si mesma, ao ser un sector de pouca incidencia no emprego feminino, tampouco a crise afectou demasiado á perda de emprego feminino.

Segundo a situación profesional, a evolución é como segue.

Ocupadas por situación profesional.

	Mulleres			Variación			
	Total			2010/09		2010/08	
	2008	2009	2010	absoluta	relativa	absoluta	relativa
Total	527,4	522,7	499,9	-22,8	-4,4	-27,5	-5,2
Empresaria ou membro de cooperativa	103,7	98,6	91,5	-7,1	-7,2	-12,2	-11,8
Axudas familiares	9,4	6,3	5,9	-0,4	-6,3	-3,5	-37,2
Asalariadas	413,7	417,7	402,4	-15,3	-3,7	-11,3	-2,7
Outra situación	0,6	0,1	0,2	0,1	100,0	-0,4	-66,7

Fonte: EPA. IGE.

No último ano, a maioría do emprego feminino que se destruíu foi asalariado, 15.300 empregos. Aínda así, cómpre salientar a perda de empresarias ou membros de cooperativas que neste período deixaron a actividade.

Como ao longo de 2009 aínda medrara o emprego asalariado entre as mulleres, os recortes son maiores no último ano que se temos en conta o período desde o inicio da crise. Tardou máis en afectar a crise ás mulleres, polas razóns expostas anteriormente, pero con toda probabilidade a partir de agora vanse ver máis afectadas que os homes xa que durante 2010 o sector servizos se mantivo en niveis aceptables, dada a situación, polo efecto Xacobeo, pero unha vez que isto remite, e dado o elevado peso que as mulleres ocupadas teñen en actividades como restauración, comercio, etc., a perda de emprego aquí pode ser nefasto para as mulleres.

A caída do emprego reduciu a temporalidade.

A caída do emprego asalariado afectou tanto ás mulleres que tiñan contrato temporal como indefinido, pero en maior medida ás de temporal, de aí a redución da taxa de temporalidade.

Persoas asalariadas segundo tipo de contrato e sexo.

	Total	Homes	Mulleres
Total			
2008	922,9	509,2	413,7
Total 2009	898,8	481	417,7
2010	863,2	460,9	402,4
2008	640,1	362,9	277,2
Contrato indefinido 2009	658,5	362,6	295,8
2010	646,5	357,7	288,8
2008	282,8	146,3	136,5
Contrato temporal 2009	240,3	118,4	121,9
2010	216,8	103,2	113,6
2008	30,6	28,7	33,0
Taxa de temporalidade 2009	26,7	24,6	29,2
2010	25,1	22,4	28,2

Fonte: EPA.INE.

Aínda que se reduciron tanto fixos como temporais, o descenso foi maior entre os temporais e superior á caída do número total de asalariados, de aí a caída da taxa de temporalidade ata situarse no 25,1% (22,4 a masculina, 28,2% a feminina).

Durante 2009, as empresas optaran por non renovar contratos temporais, pero mantiñan os traballadores/as con contrato indefinido, e mesmo entre as mulleres medrara a contratación indefinida. Xa en 2010, a caída do emprego afectou a todos os traballadores independentemente do tipo de contrato que tivesen asinado. Como porcentualmente o descenso foi maior nos de contrato temporal, a taxa de temporalidade descendeu.

En dous anos de crise, a través do despedimento, reduciuse máis a temporalidade (5 puntos tanto no caso dos homes como no das mulleres) que en todos os anos de aplicación de cuantiosos fondos públicos para atallar a mesma.

Porén, o que non variaron foron as diferenzas segundo sexo, xa que se mantén a distancia de 5 puntos entre a taxa de temporalidade masculina e a feminina.

O 20,7% das mulleres traballadores galegas teñen unha xornada a tempo parcial.

Xunto á temporalidade no emprego, a xornada parcial estase convertendo noutro dos piares do noso mercado de traballo, ano a ano esta medrando, máis desde a crise, e aínda se prevé que vai en aumento a partir de agora, o ser, a súa potenciación, unha das medidas estrela no Acordo Social e Económico que acaban de aprobar o goberno, patronal e sindicatos estatais. Neste acordo elimínanse as cotizacións empresarias a seguridade social durante 12 meses

de traballadores con menos de 30 anos e parados de longa duración que se acollan a este tipo de xornada.

Este tipo de xornada, que pode ser moi útil en determinadas etapas da vida laboral, tamén xera problemas a medio e longo prazo, posto que tanto frea carreiras laborais como, sobre todo, dificulta acadar unha pensión de xubilación digna, máxime agora coas novas condicións.

Persoas ocupadas a tempo parcial por motivo da xornada parcial e sexo. Cuarto trimestre de cada ano.

	Total		Homes		Mulleres	
	2009 IV	2010 IV	2009 IV	2010 IV	2009 IV	2010 IV
Total	125,6	130,5	29,6	26,8	96	103,6
Seguir cursos de formación	10,7	9,1	4,8	3,7	5,9	5,4
Enfermidade ou incapacidade	3,3	3,2	1,6	1,5	1,7	1,7
Coidado de crianzas incapacitadas ou maiores	15,7	13,4	0,4	0,2	15,3	13,2
Outras obrigas familiares ou persoais	12,6	10	1,9	1,1	10,7	8,9
Non poder atopar un traballo de xornada completa	56,3	69,4	12,2	15,5	44,1	53,9
Non querer un traballo de xornada completa	9	10,1	2	0,7	7,1	9,4
Outras razóns	17,9	15	6,6	4,1	11,3	10,9
Non sabe o motivo	0,1	0,2	0,1	—	—	0,2

Fonte: EPA.INE.

Malia o forte descenso da ocupación, aumentaron os traballadores/as con xornada a tempo parcial (de media un 0,5% con respecto ao mesmo mes do ano anterior). No cadro anterior, os datos son do último trimestre de cada ano, xa que non dispomos destes datos para trimestres anteriores ao terceiro de 2009, pero dado a relevancia destes, coidamos que son importantes.

Do cadro anterior podemos tirar varias conclusións:

- A xornada parcial é utilizada case exclusivamente por mulleres, concretamente o 79,4% a finais de 2010.

Entre as razóns que se esgrimen como motivo disto, no 52% dos casos a utilización da xornada parcial é debida a que non atopan un traballo a xornada completa, e en segundo lugar por mor do coidado de persoas dependentes (o 13%). Só o 9% das mulleres con esta xornada alegan tela por elección propia.

- Só un 20% dos traballos a xornada parcial están ocupados por homes. Neste caso o motivo da xornada é máis variado. Os que non atopan outro traballo a xornada completa son o 41%, seguido dos que seguen algún tipo de formación que son o 16% do total. Apenas o 1,3% alega o coidado de dependentes como motivo da xornada. Queda claro quen asume as responsabilidades familiares maioritariamente en Galiza.

Hostalaría, comercio e traballos non cualificados absorben a maioría dos traballos a xornada parcial, o que en moitos casos esconde xornadas completas.

O elevado número de contratos rexistrados amosa a alta flexibilidade do noso mercado de traballo.

Outro dato esclarecedor da situación laboral actual de contratos ao longo do ano, un ano de forte recesión económica e caída do emprego, é o elevado número de contratos que se rexistraron no noso país. Estamos falando de 653.072 contratos novos. Se as estes lles sumamos os 27.550 que se converteron en indefinidos ao longo do ano 2010, temos que se rexistraron 680.624 contratos nos oficinas do Servizo Público de Emprego. Destes contratos, o 91,18% foron baixo algunha modalidade de contratación temporal, fronte ao 90,19% do ano 2009, o que en principio xa pon de manifesto:

- A elevadísima flexibilidade do noso mercado de traballo. Nunha economía na que se destrúe emprego, realízanse máis de 680.000 contratacións nun ano.
- O total fracaso da reforma laboral. Cae o número de contratos indefinidos con respecto ao ano anterior, e pola contra medran os temporais.

Globalmente, entre os homes increméntanse os contratos rexistrados, pero soamente os de duración temporal, xa que os indefinidos descenden un 11,6%.

Entre as mulleres descende tanto a contratación fixa como a temporal, aínda que en maior medida a indefinida, ao rexistrarse un 15,6% menos de contratos que no ano 2009. A contratación temporal reduciuse un 1%.

Esa elevada presenza de contratos de duración temporal explícase pola forte rotación destes. De media, durante 2010 cada galego/a con contrato temporal asinou unha media de 2,8 contratos.

Temos que lembrar que durante 2009 os contratos asinados por homes descenderan máis que os asinados por mulleres, o cal explicabamos pola maior incidencia da crise, nun primeiro momento, en sectores máis masculinizados (chámese industria e construción), o que temiamos que se estendería logo ao resto, afectando así máis tarde ás mulleres. Estes datos véñennos a confirmar este presaxio.

A distribución segundo sexo e distinta modalidade é como se expón a continuación.

Contratos segundo modalidade e sexo.

	Total	Homes	Mulleres	% total		% modalidade.	
				Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Duración temporal	620612	321315	299297	94,5	95,6	51,8	48,2

Por obra ou servizo determinado	238815	140258	98557	41,3	31,5	58,7	41,3
Event. por circunstancias da prod.	267187	137348	129839	40,4	41,5	51,4	48,6
Interinidade	84388	23287	61101	6,9	19,5	27,6	72,4
Temporal para minusválidos	915	562	353	0,2	0,1	61,4	38,6
Substit. por xubilación aos 64 anos	95	55	40	0,0	0,0	57,9	42,1
Prácticas	3141	1440	1701	0,4	0,5	45,8	54,2
Formación lei 63/97	6020	3253	2767	1,0	0,9	54,0	46,0
De relevo	906	606	300	0,2	0,1	66,9	33,1
Xubilación parcial	1346	1066	280	0,3	0,1	79,2	20,8
Outros	17799	13440	4359	4,0	1,4	75,5	24,5
					0,0		
Duración indefinida	32460	18565	13895	5,5	4,4	57,2	42,8
Indefinidos ordinarios	23015	13955	9060	4,1	2,9	60,6	39,4
Indefinidos fomento do emprego	8964	4324	4640	1,3	1,5	48,2	51,8
Minusválidos	481	286	195	0,1	0,1	59,5	40,5
Total	653072	339880	313192	100,0	100,0	52,0	48,0

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do SEPE.

A pesar de que durante 2010 medrou a contratación temporal a homes e descendeu entre as mulleres, estas seguen tendo un maior peso sobre o total desta que os homes. Concretamente, o 95,6% dos contratos asinados por mulleres foi baixo algunha modalidade de duración temporal, e no caso dos homes foi o 94,5.

Pola contra, entre os iniciais, de duración indefinida só foron o 5,5% entre os homes e o 4,4% entre as mulleres, porcentaxes inferiores ás do ano anterior, en que as porcentaxes que se rexistraran foran do 6,3 e 5,2% respectivamente.

Hai outro novo dato que pon en evidencia o fracaso absoluto da última reforma laboral: o peso dos contratos indefinidos fomento do emprego é menor que no ano 2009. Así, durante 2010 o 1,3% do total de contratos asinados por homes foi ao abeiro desta modalidade e o 1,5% dos das mulleres, cando durante 2009 foran o 1,6 e 1,8% respectivamente.

Poboación parada: 15.300 paradas máis que en 2009.

Dos máis de 50.000 traballadores que quedaron sen emprego ao longo do ano 2010, unha parte xubilouse, outra volveu os estudos..., pero hai unha parte importante que pasou a engrosar as xa abundantes listas de persoas desempregadas. Véxase, a seguir, as características desta poboación no que atinxe a sexo e idade.

Poboación parada segundo sexos e idade.

	Total			Homes			Mulleres		
	2008	2009	2010	2008	2009	2010	2008	2009	2010
Total	114,7	165,9	200,3	53,7	83,8	102,9	61	82,1	97,4
de 16 a 24 anos	24,4	33,4	33,6	13	19,3	18,3	11,5	14,1	15,3
de 25 a 54	81	119,6	150,7	36,4	57,5	75,5	44,5	62,1	75,1

anos									
de 55 e máis anos	9,3	12,9	16	4,3	7	9	5	5,9	7

Fonte: EPA.INE.

As cifras son alarmantes. En apenas dous anos medrou o número de desempregados un 74,6%, acadando a cifra histórica de máis de 200.000 persoas paradas. No último ano aumentouse en 34.400 persoas.

Afectou a todas as idades e tanto a homes como a mulleres, pero con matices:

- Desde 2008, entre os homes medrou o desemprego un 91,6% (22,8% no último ano), e o aumento foi maior a medida que aumenta a idade do traballador. Así, nos maiores de 55 anos o medre foi do 109%.
- Entre as mulleres medrou un 59,7%. Neste caso, o grupo máis prexudicado foi entre os 25 e os 55 anos.

Ao ser os de maior idade os máis afectados proporcionalmente, agrávase a situación na medida que teñen máis difícil a reinserción; se lle engadimos a nivel de estudos, que como vimos no apartado anterior son os de menor nivel académico os máis afectados, o perfil que nos queda é moi preocupante.

Á preocupante situación actual desta poboación, témoslle que engadir as dificultades que poden atopar no momento da xubilación ao careceren dos anos necesarios para ter acceso a esta.

Así as cousas, as taxas de paro quedan como segue:

Taxa de paro segundo sexo e idade.

	Total			Homes			Mulleres		
	Taxa de paro			Taxa de paro			Taxa de paro		
	2008	2009	2010	2008	2009	2010	2008	2009	2010
Total	8,7	12,6	15,4	7,4	11,8	14,6	10,4	13,6	16,3
de 16 a 24 anos	21,2	30,8	35,4	19,2	31,3	34,4	24,0	30,1	36,7
de 25 a 54 anos	7,9	11,6	14,6	6,5	10,4	13,7	9,4	12,9	15,7
de 55 e máis anos	5,5	7,3	9,0	4,3	7,0	9,0	7,3	7,6	9,1

Fonte: EPA.INE.

A taxa media de paro medrou 6,7 puntos desde o ano 2008, acadando o 15,4% da poboación activa. En termos de taxa, o colectivo máis prexudicado é o da mocidade, onde a cifra de paro é do 35,4% entre os máis novos.

As diferenzas entre homes e mulleres reducíronse. Aínda así, a taxa de paro feminina supera en 1,7 puntos a masculina de media, situándose no 16,3% ano no 2010.

Persisten as diferenzas salariais entre homes e mulleres.

Actividades económicas con salarios máis baixos, altas taxas de temporalidade, etc., levan as mulleres a unhas percepcións salariais moi inferiores ás dos homes.

Salario medio segundo sexo.

2009	SALARIO MEDIO	HOME	MULLER
Salario medio Galiza	18.217	20.271	15.598
Salario medio nacionalidade española	18.509	20.637	15.823
Salario medio outra nacionalidade	10.246	11.556	7.929

Fonte: Axencia Tributaria. Ano 2009.

Malia que, de media, o salario da muller en Galiza vén ser un 83% do salario medio e un 26% inferior ao do home, diferenza persistente, no caso da muller inmigrante o dato é alarmante; os seus ingresos salariais acadan menos da metade dos das súas homólogas galegas.

Temos, pois, un chanzo inferior na escala de desigualdades sociais: a muller inmigrante, a cal na maioría dos casos veu cubrir os espazos que abandonaba a muller galega no contexto de expansión económica. Traballo doméstico e coidado de dependentes convertéronse nun nicho importante de emprego para a muller inmigrante, pero en pésimas condicións laborais.

Con todo o exposto anteriormente, coidamos que o lema **Xa abonda de recortes** é un berro necesario na realidade socioeconómica da mulleres galegas, xa que o futuro non se presenta nada alentador se os que teñen que poñer as bases para que a situación mellore se dedican a facer o camiño cada vez máis complicado.

Vigo, 28 de febreiro de 2011

Natividad López Gromaz.
Gabinete Técnico Confederal.